

ACCIÓN 2014.C009 SUBMEDIDA 214.2.4.

PROSPECCIÓN NAS ZONAS DA ESTRADA E CHANTADA, RÍAS BAIXAS E PONTEDEUME

Obxectivos

Trátase de incorporar ao banco de xermoplasma frutal a maior diversidade xenética, pero sen introducir redundancias.

Relación coa liña de variedades autóctonas

Esta acción pretende localizar variedades tradicionais galegas de especies frutais para a súa incorporación ao banco de xermoplasma frutal do CIAM.

Grao de consecución dos obxectivos

Realizouse unha avaliación “in situ” previa da colección de maceiras do pazo de Cartelos que nos permitiu determinar a existencia de 10 variedades diferentes de maceira.

Determinouse que unha dos individuos procedentes da prospección previa en Marín é en realidade unha Reineta Blanca de Canadá, unha variedade comercial.

Ademais incorporouse ao estudo 2 variedades procedentes da Estrada identificadas como Rabiosa de Callobre, pero que non se axustan ao tipo de Rabiosa de Callobre previamente descrito.